



**Curso
2019/2020**

**Centro Autorizado Profesional de Música
"Cantiga"
Sarria (Lugo)**

**Adaptación Programación Didáctica de
Orquesta - Banda
12 Maio 2020**

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia

**Profesor:
Alejandro González González**

MATERIA DE ORQUESTRA E BANDA

Seguindo o indicado no R.D. 463/2020, na Orde EFP/365/2020 e nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o **Centro Autorizado Elemental e profesional de Música Cantiga de Sarria (Lugo)** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de ORUESTRA-BANDA para o curso 2019-20:

ÍNDICE

1. **Avaliación e cualificación e mínimos esixibles**
2. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
3. **Información e publicidade.**

1. **Avaliación e cualificación.**

Avaliación

Procedemento:

Revisión do traballo do alumno nas avaliacións anteriores e revisión da tarefa realizada en casa durante a terceira avaliación se procede.

Instrumentos:

Libro de aula e rexistro das tarefas realizadas polo alumno durante a terceira avaliación.

Cualificación final

- Asistencia á clase, actitude fronte á materia e interpretación en público valoraranse ata un 40%. **(Asistencia a clase e interpretación en público non son avaliábeis durante o período de confinamento)**
- Os aspectos desde o punto de vista técnico valoraranse ata un 30%.
- Os aspectos desde o punto de vista musical valoraranse ata un 30%.
- A cualificación final se fará de acordo cos resultados acadados polo alumno nas avaliacións anteriores. A valoración de calquera tarefa realizada na casa durante o

período de confinamento só poderá revertir positivamente na cualificación final.

- Poderase incrementar en **2** puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

Proba extraordinaria de setembro

Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no “informe de avaliación negativa” elaborado no mes de xuño.

Avaliación de materia pendentes

Criterios de avaliación:

Dadas as limitacións para recuperar materia pendente no marco colectivo desta ensinanza, o profesor poderá requirir a recuperación da mesma a través dos diversos medios telemáticos existentes.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Audios, vídeos, skype, etc previamente acordados co alumno.

.MÍNIMOS ESIXIBLES

O alumnado deberá ser capaz de interpretar con fidelidade á partitura a súa parte correspondente de a lo menos dúas das obras traballadas no 1º e 2º trimestre mantendo un seguimento auditivo de cada un dos aspectos sonoros relevantes na interpretación musical de conxunto (afinación, sonoridade, fraseo, precisión rítmica, articulación...)

.MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Non sofren modificacións mais alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para a observación e o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3º trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: gravacións de audio e/ou vídeo, correo electrónico, CentrosNet, videochamada e/ou aula virtual.

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións públicas planificadas para o 3º trimestre debido á cancelación das mesmas, no seu caso, teranse en conta a actitude e participación nas novas propostas de actividades que o

profesorado propoña durante este 3º trimestre: (gravacións individuais de audio e/ou vídeo, escoita de vídeos e audios enviados, xogos interactivos e lúdicos, e calquera outra actividade que o profesorado propoña). En ningún caso, as actividades propostas no 3º trimestre influirán negativamente na cualificación da materia.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Actividades

Traballos de comprensión do repertorio, escoita e comparación de diferentes versións , proposta de novas partituras, etc.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):

A metodoloxía contemplará neste caso os recursos tecnolóxicos dispoñibles e características da agrupación para achegar propostas de traballo activas, progresivas, flexibles e motivadoras.

Materiais e recursos

Audios, vídeos, videoclases, videomontaxes, partituras, etc.

3. Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias

Correo electrónico, Skype, teléfono, Whatsup, etc.

Publicidade

Publicación na páxina web do centro.

Isto é aplicable a todos os curso de Grao Profesional.